

Cartafol de libros

Xente coma nós

por Manuel Rodríguez Alonso

Melodía de días usados

Anxos Sumai

Galaxia, Vigo, 2005. 381 páxs., 17,50 €

O diario é o xénero íntimo e persoal por excelencia. O libro de Anxos Sumai é un diario, pero o lector, aínda decatándose de que a autora fala das súas vivencias, dos seus amigos, da súa familia, sente, segundo vai vanzando na lectura, que tamén trata da vida do lector, das súas arelas, éxitos, insatisfaccións. As alegrías, as preocupacións, as ansias, as decepcións da autora son en realidade as de moitos de nós, que nos criamos na aldea, traballamos na cidade, volvemos á aldea de cando en vez -xa idealizada como o paraíso perdido da infancia-, descubrimos a Internet e a posmodernidade, pero ao mesmo tempo gozamos coa recuperación dos sabores, dos ruídos, dos praceres de nenos dos anos que van dos cincuenta aos setenta do pasado século XX.

A min gústame o libro porque é un canto á modernidade, ao novo mundo urbano que nos trouxo a democracia tras a morte de Franco, á cultura, á música. Pero tamén é un percorrido gozoso polo mundo da nosa infancia, non só a través da memoria racional, senón por medio dos sentidos: o *colacao* de cando eramos nenos, os partidos retransmitidos pola radio, as empanadas de fariña milla, as orellas do Entroido... Nestes tempos en que algún ns opoñen os novos tipos de familia aos tradicionais e vellos, Anxos amósanos o engado das novas formas de convivencia, pero tamén o agarimo da familia tradicional. Nin nada é bo, bo, nin nada é malo, malo. Lección de tolerancia. Que ben lles viría a lectura deste libro a bispos reaccionarios, globalizadores atolados e todo tipo de fundamentalistas!

Dentro deste ton de vitalidade e optimismo o libro non agocha os males do noso tempo: a soidade dos vellos nas cidades e tamén nas aldeas, o paso do tempo que nos deteriora fisicamente e espiritualmente, a enfermidade... Mesmo nos gusta que a autora non sexa politicamente correcta e critique de xeito aberto o terrorismo integrista ou se alegre de que perderan as dereitas o 14 M. É sabía cando di que perderon as dereitas. Vexan que non di que gañaron as esquerdas...

Outro mérito do libro é que é unha boa reprodución do que pode ser un rexistro coloquial espontáneo culto do galego, mesmo coa influencia asoballante do castelán coma os acurtamentos (*peli* por *película*) ou o uso do sufixo *-ata* (*bocata*, *ordenata*). Pero un problema do galego, hoxe por hoxe, é a súa falta de creatividade no rexistro oral espontáneo. Sen prexuízos a autora inza o texto de novos termos referidos ao mundo da informática, da cultura de hipermercado e de centro comercial e iso está moi ben.

Non supón este intento modernizador da lingua o abandono do galego enxebre e agradécese o emprego que fai das formas *canda/onda* ou o uso adecuado, en xeral aínda que con algún esquecemento, do infinitivo conxugado. Chama, non obstante, a atención o emprego de *quecer* como transitivo no canto de *quentar*, o castelanista *volver a casa*, o uso do xerundio especificativo (*un cartel anunciando un circo*, páx. 13), o abuso do xerundio por influencia do castelán; coma noutros escritores galegos a ultracorreción leva a usar como non pronominais verbos pronominais como *eu namorei dun pintor* (páx. 43); aparecen tamén incorreccións no uso de *llelo* ("Dicíallo a todas as mozas", páx. 48); esquece *connosco/convosco* ("veña con nós", páx. 83). Fronte ás propostas académicas e gramaticais a prol do emprego de *coma/ca/coma* se seguen sendo maioritarias nesta escritora, coma en moitos outros escritores galegos de hoxe, *como/que/como* se. Deben meditar sobre isto os redactores dos futuros dicionario e gramática académicos e non académicos. Tamén segue a autora o modelo castelán na colocación do pronome átono coas formas infinitas introducidas por preposición, malia as propostas de gramáticos, coma a de Freixeiro Mato, de buscar neste caso unha sintaxe máis enxebre e menos apegada ao castelán. É outro tema gramatical para meditar.

Aparecen outros castelanismos que son froito da presión do galego oral sobre o galego normativo: *rosal*, *a diadema*, *un espía*, *desembarco*, *fresa*, *esquela*, *campiona*, *alemana*, *pegatina*, *explotar co sentido de 'estoupar'*, *paso de cebra*, *asco*, *asqueroso*, *martillo*, *en torno*, *painoso*, *resfriado*, *regaliz*, *chicle*, *reparto*... Máis que de impericia lingüística da autora, estes erros son un ha mostra do difícil que é a penetración das formas normativas na linguaxe oral espontánea, mesmo das persoas que son profesionais da lingua.

En fin, estamos ante un libro que temos que meter na nosa equipaxe de vacacións, pois é apropiado para ser lido nestes días do verán na praia, á sombra dunha árbore nun monte fresco, mesmo nunha cafetaría de centro comercial ou en calquera avión ou sala de espera con aire acondicionado. Todos estes ámbitos, tradicionais e posmodernos, son acaídos para este fermoso e próximo a todos nós diario.

